

## TEMA 1. CAPITALISMO E REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.

### O CAPITALISMO

Sistema económico orixinado a finais do XVIII e comezos do XIX e caracterizado por:

- **A propiedade privada** dos medios de produción (capital, man de obra, mercadorías, terras, fábricas, máquinas...), garantida polas leis como un dereito do individuo para obter a súa felicidade (ideas ilustradas).
- Obxectivos: **o lucro ou beneficio** dos propietarios ou empresarios (**a plusvalía** da man de obra).
- **Libre iniciativa e competencia** entre empresarios baseada na **lei da oferta e a demanda (prezos e salarios)**. O Estado non debe intervenir na economía.
- A **explotación da man de obra** (plusvalía marxista): o traballador asalariado convertido nunha mercadoría.
- **A burguesía** como nova clase social dominante (propietaria dos bens de produción).

A evolución do capitalismo prodúcese en tres fases: a) **Capitalismo comercial**.- Na Baixa Idade Media e nos séculos XVI-XVII, intercambios comerciais da burguesía europea entre Europa, América e Oriente (comercio colonial). b) **Capitalismo industrial**.- Desenvolvemento industrial dos s.XVIII-XIX. As fábricas como motor do cambio. c) **Capitalismo financeiro**.- A partir de 1870, dependente da banca e da bolsa (finanzas). Concentración de grandes empresas (multinacionais, monopolios). Grandes Imperios coloniais.

### A REVOLUCIÓN AGRARIA

A situación do sector agropecuario a finais do século XVIII (Antigo Réxime) era a seguinte:

- **Sistemas de cultivo extensivos** (roturación de novas terras), **con barbeito** (rotación bienal ou trienal), **moita man de obra** e policultivo de subsistencia.
- Escasa importancia da gandeiría.
- **Baixos rendementos** (escaseza de fertilizantes e ferramentas agrícolas).
- **Crises de subsistencia** (malas colleitas por condicións climáticas adversas).
- **Réximes de propiedade desigual (nobreza, Igrexa)**. Amortización das terras (non se poden mercar nin vender, só herdar). Morgados, mans mortas ou baldíos. Propiedades comunais ou municipais.

As transformacións agrarias do s. XVIII, débense ó crecemento demográfico ó aumento da produción e dos intercambios comerciais e a demanda de alimentos.

En Inglaterra empezan a aplicarse **novas técnicas e sistemas de cultivo e reformas no réxime de propiedade da terra**:

- **O Sistema Norfolk**. Eliminación do barbeito e rotación de novos cultivos cos cereais (forraxos, patacas), que sirven de alimento para o gando (aumento de carne, leite) e fertilizan as terras (esterco), aumentando os rendementos das mesmas.
- **A progresiva mecanización do campo**. Utilización de novas ferramentas, máquinas (malladoras, sementadoras e segadoras mecánicas), cabalos como forza de tiro (pax. 18), emprego do ferro nos útiles agrícolas e da máquina de vapor a partir de 1830 (pax. 18).

20), extensión do regadío e drenaxe, selección de razas gandeiras e sementes, maior uso de fertilizantes...

- **Aparición de Sociedades de fomento da agricultura.** Destacan o Consello de Agricultura, en Inglaterra (1793) ou as Sociedades Económicas de Amigos do País, en España a finais do XVIII. Son asociación de intelectuais burgueses ilustrados.
- **Cambios na mentalidade dos propietarios de terras.** En Inglaterra e Holanda, os nobres rendistas do Antigo Réxime deixan paso a nobres e burgueses inversores que buscan beneficios invertindo en melloras técnicas nas súas explotacións.
- **Reformas no sistema da propiedade da terra.** Substitución das terras amortizadas e comunais (peaxes, servidumes) por propiedades privadas e individuais onde a terra é unha mercadoría. Abolición dos morgados nobiliarios, desamortización de terras eclesiásticas, eliminación de señoríos e dereitos de paso do gando e privatización e cerramento dos campos abertos, baldíos e terras comunais (as “Enclosures Acts”ou leis de Cercamento) aprobadas polo Parlamento inglés.

### CONSECUENCIAS DA REVOLUCIÓN AGRARIA

Os resultados da reforma agraria foron beneficiosos para a **nobreza rural (lores)**, a **burguesía (gentry)** e os **campesiños ricos (yeomen)**, xa que tiñan capital suficiente para facer fronte os gastos dos cercados e as inversións necesarias para modernizar as terras e se beneficiaban do aumento dos prezos dos produtos agrícolas.

Os campesiños pobres foron os mais prexudicados ó perder as terras comunais, e ó non ter recursos tiveron que emigrar as cidades ou a outros países ou continentes (América, Europa).

Creouse un novo modelo de explotación agraria baseado na **maquinaria o regadío e o emprego de fertilizantes**, cuns **cultivos intensivos de altos rendementos** que repercutirán nun aumento da poboación e na aparición dunha **agricultura especializada e comercial e libre de cargas de tipo señorial ou feudal** cuns beneficios que se reinvestirán na propia agricultura ou na industria .

### A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

De maneira simultánea ós cambios agrarios e da poboación prodúcese as primeiras transformacións na produción de bens, que posibilitan o que denominamos revolución industrial.

Para os defensores do capitalismo a revolución industrial sería un **proceso de cambio profundo e radical dunhas estruturas económicas agrarias a outras industriais.**

Para os detractores do capitalismo (socialistas utópicos, marxistas), significou o **paso do modo de produción feudal ó capitalista, coa expansión das fábricas e as máquinas** e que provoca a aparición do proletariado e a súa explotación.

A cronoloxía da 1ª revolución industrial esténdese entre 1760-70 e 1830-50, para Gran Bretaña, chegando máis tarde ós outros países (Francia, Bélxica, Alemaña).

O feito de ser Inglaterra a cuna da Revolución Industrial, debeuse a varias causas:

- **A renovación agraria do s.XVIII**, que favoreceu un aumento da poboación no campo e unha man de obra sobrante que emigrou as cidades (éxodo rural) e encontrou traballo na industria, provocando o aumento do consumo de todo tipo de produtos.
- **O impulso do comercio colonial**, que favoreceu a exportación de produtos elaborados e a importación de materias primas necesarias, ademais de crear novos mercados. O comercio interior tamén se veu favorecido por unha mellora da rede fluvial e terrestre e a supresión de taxas e aduanas feudais.
- **Unha burguesía con mentalidade empresarial**, que reinverte os beneficios acumulados en actividades rendibles multiplicando eses beneficios, e apoiada por un sistema político parlamentario diferente ó do resto de Europa.

## 1ª REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

### 1.- CARACTERÍSTICAS.

- **A Mecanización.** Renovación tecnolóxica dos sectores productivos mediante inventos e máquinas específicas para cada traballo ou función que incrementan a produtividade e eliminan man de obra. A **utilización da enerxía mecánica é posible grazas ó invento da máquina de vapor** por James Watt en 1769 que **emprega o carbón** como enerxía básica.

É o inicio do **chamado sistema fabril (factory system)**, onde a fábrica convírtese nun gran espacio onde se concentran máquinas e traballadores, cunha **tarefa especializada pero tamén rutinaria que provoca a alienación do obreiro**, desaparecendo os pequenos obradoiros e o chamado *domestyc system ou putting-out*.

- **Sectores punteiros:** o textil, o siderúrxico e o ferrocarril.

### 2.- A INDUSTRIA TÉXTIL.

Foi o sector pioneiro xa que Inglaterra contaba cunha **gran tradición na produción de la** (gran importancia da gandeiría ovina) desde o século XVI. No século XVII, o comercio colonial favoreceu a **chegada a Europa dos tecidos de algodón estampados (indianas)** que competían cos de la polo que o Parlamento inglés prohibiu a súa importación en 1720, empezando a producirse en Inglaterra pola enorme demanda existente e xerando un proceso de innovación nos procesos de fiado e tecido (invento de novas máquinas).

Progresivamente a **la é substituída polo algodón**, máis abundante, resistente e barato ademais de fácil de mecanizar, concentrándose as fábricas preto dos portos de chegada de materia prima das colonias, ou de grande tradición téxtil (Lancashire inglés, Cataluña).

### 3.- A INDUSTRIA SIDERÚRXICA.

Foi un sector que creceu enormemente pola **demanda de ferro para a fabricación de ferramentas e máquinas**, substituindo a madeira como combustible polos **altos fornos de carbón mineral** moito máis produtivos.

Os novos inventos fixeron posible este cambio, como o de Darby en 1709, que transforma a hulla en coque, na fundición de ferro, ou o pudelaxe de Henry Cort en 1784, que elimina o carbono para obter ferro e aceiro de maior calidade.

A minería británica adquiriu un forte desenvolvemento xa que posuía **grandes filóns de hulla no centro do país (Midlands, Gales)**, instalándose as **novas fábricas preto das minas ou portos**, creando novas paisaxes coas súas chimeneas e fumes negros (Manchester, Liverpool).

#### 4.- OS TRANSPORTES: O FERROCARRIL.

O incremento da produción en tódolos sectores estimulou a creación de novos medios de transporte para levar os produtos máis rápido e a menor coste ós distintos mercados.

- **O Ferrocarril.** O chamado “pan” da industria polo pulo dado a minería e a industria siderúrxica, creouse en torno a **1825, ó aplicar Stephenson o invento da máquina de vapor no arrastre de vagóns**. O primeiro tren mineiro circulou ese ano, e en 1830, **o primeiro de pasaxeiros entre Manchester e Liverpool**, extendéndose a rede ferroviaria por Europa nos anos seguintes (pax. 31). O primeiro ferrocarril español foi Barcelona-Mataró en 1848.
- **O Barco de Vapor.** Máis tardío en empregar a enerxía de vapor, **o transporte marítimo foi sobre todo fluvial** (Sena, Rin, Danubio), **e EEUU foi o país pioneiro** a principios do XIX nos viaxes oceánicos, pero non será ata finais de século cando os **barcos a vapor substitúan ós de vela definitivamente nas grandes distancias**, axudados pola construción dos grandes canais interoceánicos de Suez (1869) e Panamá (1914).

### 2ª REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

Entre **1870 e 1914**, prodúcense numerosas innovacións técnicas, industriais e empresariais que permiten falar dunha 2ª fase da revolución industrial. **A industria exténdese por Europa, América e Xapón**, mantendo ata 1914 a primacía **Gran Bretaña xunto a EEUU e Alemaña**, mentras outros países como España non inician o seu despegue ata finais do século XIX.

Os inventos sucedéanse vertixinosamente tanto na industria como na vida cotiá (teléfono, telégrafo, automóbil, radio, cine..., pax. 33).

#### 1.- NOVAS FONTES DE ENERXÍA.

O petróleo descuberto en 1859 en EEUU (Pensylvania), convírtese co **descubrimento do motor de explosión na enerxía máis utilizada para os medios de transporte** (automóbil, avión), a través dos seus derivados (gasolina, gasóleo, queroseno), utilizándose tamén como combustible para o alumado e a maquinaria industrial.

A **electricidade**, tamén coñecida multiplica o seu uso no século XIX, a través do descubrimento de **alternadores e transformadores: iluminación de casas, cidades e fábricas, enerxía para os medios de transporte** (ferrocarril, metro, tranvía), **novos inventos básicos na nosa civilización** (teléfono, radio, cine, electrodomésticos...).

#### 2.- NOVOS SECTORES INDUSTRIAIS.

Cos novos inventos e procesos técnicos renóvanse os distintos sectores industriais e aparecen outros novos como:

- **Industria siderometalúrxica.**- Mediante a invención do convertedor de ferro en aceiro (Bessemer, Siemens), aparecendo novos metais como o níquel, o cobre ou o aluminio.
- **Industria do automóbil e derivados.**- Aparición das primeiras fábricas en EEUU (Ford) e Alemaña (Benz) a partir de 1885.
- **Industria química.**- Produción dunha enorme variedade de bens que se aplican logo noutras industrias: explosivos, colorantes, fibras sintéticas, herbicidas, fertilizantes plásticos, pinturas, deterxentes, perfumes, medicamentos....
- **Industria eléctrica.**- Fabricación de motores, electrodomésticos.

### 3.- NOVA ORGANIZACIÓN DO TRABALLO E DA PRODUCCIÓN.

Nos primeiros anos do século XX, aparece en EEUU como resultado de estudos científicos para mellorar o rendemento nas fábricas (aforrar tempo e reducir custos), unha nova organización do traballo baseada na **especialización de tarefas produtivas e a fabricación de produtos estándar mediante o traballo en cadea.**

O enxeñeiro americano **Taylor foi o que introduce o estudio das condicións de traballo** buscando un máximo rendemento no esforzo dos obreiros, racionalizando os seus movementos.

Ford remata o proceso creando as **cadeas de montaxe nas súas fábricas de automóviles, especializando ós seus obreiros nunha tarefa concreta**, estimulándoos cun aumento salarial para combater a rutina, **conseguindo aumentar a súa produción** (un coche cada 40 segundos) e **abaratando os prezos**, competindo cos outros fabricantes de coches e **cambiando os métodos de produción en todo o mundo.**

### 4.- CONCENTRACIÓN EMPRESARIAL E FINANCEIRA.

Das pequenas empresas familiares da 1ª revolución industrial, pásase nesta época **á creación de sociedades anónimas**, a medida que as empresas crecen e necesitan máis capital para investir, tendo que recurrir incluso **ós préstamos ou créditos bancarios.**

As sociedades anónimas funcionan desde mediados do XIX, mediante **a compra de accións** (participación de capital), por parte dos novos socios da empresa **que daba a posibilidade de obter dividendos na Bolsa (mercado de valores) según os beneficios da empresa.**

A empresa estaba dirixida por un Consello de Administración representado polos accionistas maioritarios, que tomaba as decisións por maioría.

**Os bancos**, en principio **encargados de captar o aforro privado** (depósitos, contas correntes), convírtense a medida que van recadando capital, en **institucións de crédito** (prestamistas), **invertindo en empresas e as veces monopolizando o capital dalgunha delas** (Credit Lyonnais, 1863; Deutsche Bank, 1870; Banco Santander, Vizcaya, 1857).

A concentración empresarial buscando eliminar a competencia, dá lugar a creación **dos monopolios**, entre os que destacan:

- **Cartel**: acordo entre empresas do mesmo sector para evitar a competencia entre elas e controlar o mercado pero sen fusionarse.
- **Trust**: fusión de varias empresas dun sector productivo nunha soa empresa para xestionar mellor a produción.
- **Holding**: grupo de empresas controladas por unha sociedade industrial ou financeira (banco), que as dirixe a través do control da maioría das accións.

A partir destas concentracións surxen **as multinacionais, grandes imperios económicos dirixidos por magnates** como Rockefeller (petróleo, pax 36), Carnegie (aceiro), Morgan (banca), Ritz (hostelería), Citroen (automóbil)...., que chegan a ser unha ameaza para os Estados xa que non respetan o principio da libre competencia (a Standard Oil Trust en 1880 controla o refinado de máis do 90% do país), empezando estes a aprobar Leis antimonopolio (1890, 1914) sen moitos resultados.

### **CONSECUENCIAS DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL**

Os resultados dos procesos de revolución industrial son múltiples e variados, desde **o punto de vista económico**, o obradoiro ou taller é substituído pola fábrica como unidade básica de produción, o empresario a medida que o traballo especialízase ten menos relación co traballador e o sector primario deixa paso ó secundario e o terciario (a terra xa non é a principal).

Desde **o punto de vista social**, a sociedade estamental é substituída por unha sociedade de clases máis dinámica e aberta con grupos definidos pola riqueza e non polo nacemento, valorándose o esforzo persoal para progresar na escala social.

*Os obreiros explotados laboralmente* (baixos salarios, xornadas de 12 e 16 horas, traballo precario de mulleres e nenos, despido libre, ausencia de lexislación laboral e de seguros médicos...), *viven en barrios nas cidades en moi malas condicións* (barrios feos), onde as *epidemias, enfermidades* (malas condicións sanitarias, sen sumidoiros, humidade) e o *alcoholismo*, provocan unha *enorme mortalidade*. Esta situación de explotación dos obreiros provocará unha *toma de conciencia de clase e a organización do chamado movemento obreiro*.

### **A REVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA**

Ó longo dos séculos XIX e XX prodúcense paralelamente á revolución agrícola e a industrial uns cambios enormes na evolución da poboación que remataran cun comportamento demográfico que levaba varios séculos de existencia, baseado **nun escaso crecemento da poboación europea debido a elevada mortalidade provocada por fames e epidemias**. Por iso **a pesar da elevada natalidade, a poboación crecía pouco ou incluso as veces decrecía**.

A partir de 1750, apréciase un **forte descenso da mortalidade**, manténdose elevada a natalidade, debido **ó aumento da produción de alimentos e os progresos médicos e hixiénicos**, que acaban coas enfermidades epidémicas (vacinas contra as pestes, cólera, tuberculose), reducíndose sobre todo a mortalidade infantil.

Na segunda metade do século XIX, **continúa descendendo a mortalidade, pero empeza tamén a baixar a natalidade (control voluntario)**. O resultado é un **elevado crecemento da poboación ou revolución demográfica**, que se manterá nos países de Europa Occidental ata 1940, onde se inicia un proceso de **estancamento demográfico ou crecemento cero**, con gran aumento da esperanza de vida.

Unha das consecuencias deste proceso de transformacións demográficas e económicas foi o **éxodo rural, cun trasvase de poboación ás cidades**, pasando dun 8% de poboación urbana en Europa en 1850, a un 20% en 1914 (en Gran Bretaña dun 48% a un 73%). Igualmente hai que ter en conta a **emigración transoceánica**, que entre 1820 e 1929, supuxo a **saída de 55 millóns de europeos a América**, atraídos polas posibilidades económicas do novo continente e pola falta de recursos nalgúns países europeos (Irlanda, España, Italia), destacando o caso galego.